

**MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS PARA ADAPTACIÓN A LEI ORGÁNICA 17/2002
DO 22 DE MARZO, REGULADORA DO DEREITO DE ASOCIACIÓN**



**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAÍS DE ALUMNOS A BUXTAINA
(A.N.P.A. A BUXTAINA)**

CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO, ÁMBITO:

Miguel
Antón

Artigo 1. Ca denominación de Asociación de Nais e País de Alumnos A Buxaina, pertencente o CEIP A Gándara, (A.N.P.A. A BUXTAINA), procedese a adaptar os Estatutos desta Asociación, o amparo da Lei Orgánica do Dereito a Educación 8/1985 e da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo e demais leis e disposicións complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. Terá como fins os seguintes:

- a) Asisti-los pais/nais e titores en todo aquello que concirne a educación do seus fillos e pupilos.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promove-la participación dos pais/nais dos alumnos na xestión do Centro.
- d) Asisti-los pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilita-la representación dos pais/nais dos alumnos no Consello Escolar do Centro.
- f) Estimula-la participación dos pais dos alumnos na programación xeral da enseñanza a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomenta-las relacións de cooperación do Centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.
- h) Promove-la plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de tódolos alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas ideolóxicas, confesionais, raza e sexo.
- i) Requiri-los poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos a educación, recabando a atención e axudas que esta merece.
- j) Promover actividades formativas, culturais e de estudio.
- k) Promover reunións de colaboración de pais cos profesores e as boas relacións entre ambos.
- l) E todos aqueles outros non recollidos nos Estatutos e que sexan conformes a lei.

Maria Pilar
Ricardo
Eduardo

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse loxicamente, todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudio e reunións con tódolos sectores da comunidade educativa e todas aquellas outras tendentes a cumplir os fins sinalados e que sexan conformes a lei e decididas polos órganos competentes.

Elvira Rivas
que 29/05/10

Artigo 5. A) Para a realización das actividades que lle son propias a Asociación utilizará locais do Centro, para os efectos o Director facilitará a integración das devanditas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenrollo da mesma.

B) A efectos da utilización dos locais do Centro ós que se refiren o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do Centro.

Artigo 6. Para o mellor cumprimento dos fins desta Asociación poderase integrar en Federacións de ámbito Local, Comarcal, Provincial u otras.

que 29/05/10

Artigo 7. O ámbito da Asociación alcanzará a tódolos concellos onde residan os alumnos do Centro Educativo, e fixa o seu domicilio no –Colexio CEIP A Gándara, con razón social en Colmeote s/n, 15570 Narón (A Coruña).



CAPÍTULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 8. A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Miguel*
Rodríguez
- Presidente/a,
 - Vicepresidente/a,
 - Secretario/a,
 - Vicesecretario/a,
 - Administrador/a ou Tesoureiro/a,
 - Viceadministrador/a ou Vicetesoureiro/a,

O número de vocais será como mínimo de un.- Tódolos cargos que componen a Xunta Directiva serán de balde. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos, renovándose a partir do segundo ano, cada ano a metade dos seus membros.

Manuela Pérez
María Pita
Mercedes Rodríguez
António Rodríguez
Eduardo Román

Artigo 9. Os membros da Xunta Directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os van a sustituir.

Artigo 10. A elección dos membros da Xunta Directiva pola correspondente Asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

Artigo 11. A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Artigo 12. As vacantes que se puidesen producir por renuncia voluntaria será comunicada por escrito a Xunta Directiva, o por incumprimento das obrigacións inherentes ó cargo, poderanse cubrir provisionalmente polos membros que designe a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 13. A Xunta Directiva reunirase tódolos meses do curso escolar e ademais sempre que sexa convocada polo seu Presidente-a. Tamén deberá reunirse, a petición dun tercio da totalidade dos seus componentes. Quedará validamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e, para que os acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes a os presentes. No caso de empate, o voto do Presidente-a será de calidade para deixar sen efecto o empate.

Artigo 14. As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran según os Estatutos, autorización da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

Eva Cegarra

- a) Dirixi-las actividades da Asociación e leva-la xestión económica e administrativa, acordando realiza-los oportunos actos e contratos.
- b) Executa-los acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear delegados para alguma determinada actividade da asociación.
- f) Calquera outra facultade que sexa conforme ca lei.



Artigo 15. O Presidente/a terá as seguintes atribucións: Representar legalmente a Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados; convocar, presidir e levanta-las sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións de unha e outra; ordenar pagos e firmar xunto o Administrador/a Tesoureiro/a os libramientos, cheques etc.; recibir no nome da Asociación calquera cantidade que proveña das subvencións de Entidades Públicas ou privadas; autorizar ca súa firma os documentos , actos e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urgente cá boa marcha da Asociación aconselle, o no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirá tamén, en todo caso, tódalas facultades que a lei estableza.

Artigo 16. O Vicepresidente/a será o encargado de sustituir o Presidente/a en ausencia de este, motivada por enfermidade ou outra causa, e terá as mesmas atribucións que este. O Presidente/a poderá delegar en este as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados o un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

Artigo 17. O Secretario/a terá o seu cargo a Dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de Asociados e custodiará a documentación da Entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación das Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e o programa de actividades e o cumprimento das obrigacións documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación.

O Vicesecretario/a, suplirá o Secretario/a en ausencia de este, e colaborara có mesmo no que fose necesario.

Artigo 18. O Administrador/a ou Tesoureiro/a estará encargado de recadar e conservar los fondos e bens da Asociación. Levará o Libro de Caixa e firmará os libramientos de fondos xunto co Presidente/a; elaborará o proxecto do presuposto cá Xunta Directiva debe presentar ante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deban someterse a devandita Asemblea.

O Viceadministrador/a ou Vicetesoureiro/-a suplirá o Administrador/a ou Tesoureiro/a en ausencia de este, e colaborara có mesmo no necesario.

Artigo 19. Os vocais terán as obligacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 20. As vacantes que se puidieran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Maria Pilar
Leticia
Marta
Ana María
Eduardo

CAPÍTULO III

Artigo 21. A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios.

Artigo 22. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase obligatoriamente unha vez o ano, dentro dos catro meses seguintes o peche do exercicio e nela se propoñerá a elección dos membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente/a, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o pida ou solicite formalmente por escrito un tercio dos asociados.



Artigo 23. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, data e hora da reunión, así como o orden do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar a lo menos 7 días, pódese así mesmo facer constar a data e hora na que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 24. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un tercio dos asociados e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados presentes.

Os acordos tomaranse por maioria simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Artigo 25. Será necesario o voto favorable dos dous tercios dos asociados presentes na asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Disposición e Enaxenación de Bens.
- b) Solicitude de declaración de utilidade publica da Asociación
- c) Integración en Federacións.
- d) Modificación Estatutaria.
- e) Disolución da Asociación.

CAPÍTULO IV

SOCIOS

Artigo 26. Poderán ser membros da asociación tódolos pais/nais, o titores maiores de idade dos alumnos do CEIP A GÁNDARA; así mesmo poderán facerse SOCIOS COLABORADORES os pais/nais o titores daqueles alumnos que habendo rematado os estudos no devandito colexio, fosen socios no ano anterior.

Artigo 27. Serán dereitos dos asociados:

- a) Elixir, ser elixible para tódalas funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en tódalas actividades da Asociación e utilizar os servicios que poidan establecerse en beneficio dos socios.
- d) Dirixir peticións e propor iniciativas ós órganos de Goberno da Asociación.
- e) Recabar e recibir da Xunta Directiva canta información precisen sobre a xestión associativa.
- f) Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

Artigo 28. Serán deberes dos socios:

- a) Observar e cumplir os Estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- b) Contribuí economicamente o sostento da Asociación na forma e modo que se establezan na Asemblea Xeral.



Artigo 29. Se causará baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado.
- b) Por baixa dos fillos matriculados no Centro.
- c) Por impago das cuotas, mediante un apercibimento previo da Xunta Directiva.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Por utilización da Asociación con fins alleos os específicos da mesma.
- f) Por impago das cuotas das actividades, (Tres cuotas impagadas), mediante apercibimento previo da Xunta Directiva.

Para excluir a calquera socio polas causas do apartado d) e e) do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo deberase oír ó propio expedientado que poderá presentar un pliego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que unirase o expediente que estudiará a Xunta Directiva e propoñerá a decisión que considere oportuna. Si optase pola expulsión a presentará na próxima Asemblea Xeral que despois de oír a Xunta Directiva e ó socio si o solicitase, tomará unha decisión que será inapelable.

Artigo 30. Os recursos económicos para o desenrollo dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cuotas dos socios periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados herencias ou donacións que puideran recibir de forma legal e que sexan aceptados tanto que proveñan de persoas físicas o xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 31. A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituindo estará composto por tódolos bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde a Xunta Directiva.

Artigo 32. O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e remate do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano.

CAPÍTULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 33. Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral convocada o efecto e por acordo de unha maioria dos dous tercios dos asociados.

Artigo 34. No caso da disolución se nomeará unha comisión liquidadora a cal encargarse de extinguir as débedas existentes, e unha vez extinguidas, si existise sobrante líquido, destinarase integralmente ó colexo CEIP A GÁNDARA.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a vixente lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a lei orgánica 8/1985 do Dereito a Educación do 3 de xullo do 1985 e demais disposicións específicas de aplicación provenientes da Comunidade Autónoma de Galicia o do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico según dispón a Constitución Española.



D./Dña. María Ángeles Rivas Martínez, con D.N.I nº 32.659.006 H, como Secretaria da Asociación a que se refiren estos Estatutos.

CERTIFICA que os presentes Estatutos foron modificados para adaptalos as previsións da lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo por acordo da Asemblea Extraordinaria de Asociados de data 03 de decembro de 2003.

En Narón, a 16 de enero de 2004.

Fdo

VºBº a Presidenta

Palma
Maria Angelas Rivas
Fdo
María Luisa Rodríguez
Elena Rivas
Eva García
Cristina

Maria Palma

INSCRICIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº 3443/1C

Inscrita a modificación por resolución do A
de marzo 2004
á sos efectos de publicidade de conformidade co artigo 22
da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.

O XEFE DA SECCIÓN



D. XERO DO SENPLO

Llempaynhol